

Prensa

Gaciño, cidadán digno de toda sospeita

«Justicia, madurez, humanidade». Así decía unha inscrición grabada na parede do calabozo número 1 da Xefatura Superior de Policía da Coruña, ós pés da cama —se é que se pode chamar así un banco de pedra cunha delgada colchoneta de plástico e dúas mantas— onde durmíu tres noites José Antonio Gaciño Barral, redactor político de «El Ideal Gallego», detido ás dez da mañá do domingo 13 de febreiro e depositado no Xuzgado de Instrucción Número 1 setenta e dúas horas despois.

O día en que foi detido, Gaciño ía trasladarse a Santiago pra cubrir a información da clausura do congreso do PPG. Ia acompañalo o seu amigo José Manuel Segura, militante de Reforma Democrática. As súas relacións con outro amigo, e familiar, situado na antípoda ideolóxica do anterior, ían frustrar ese viaxe e perturbar seriamente a vida do matrimonio Gaciño —con dous fillos: Nuria e Iago, este último sen cumprilo mes— durante tres longos e anguriantes días, en que, mentres o periodista romeaba en soidade a incertidume da súa situación, unha oleada de solidariedade se desataba fóra, na Coruña, en Galicia, en España. Compañeiros do periódico, compañeiros de profesión, partidos políticos, asociacións cidadás, autoridades (o mesmo alcalde Liaño, con quen recentemente tivera unha forte polémica), cidadáns sinxelos... Todos cantos algunha vez poideran comproba-la traxectoria humana e profesional de Gaciño ergueron a súa voz pra espresa-la súa preocupación e a súa solidariedade. Bocelo escribiu en «El Progreso» de Lugo un emocionante artigo en que avalaba rotundamente a inocencia de Gaciño. O outro día da súa liberdade, en troques, Augusto Assía desencolgábase cunha das súas «cartas al director», en «La Voz de Galicia», decindo que non era pra tanto e que os periodistas que denantes gababan ó fascismo agora adicábanse a protestar.

Gaciño, namentres, tiña que responder, en tres interrogatorios policiáis feitos con corrección, ás presuntas implicacións co Partido Comunista de España (Reconstituído) que supuñan o contido dunha nota, supostamente escrita por unha irmá da súa muller, María Luísa Díaz —á que tamén detiveron por dúas horas, deixándoa en liberdade por estar aínda na corentena do seu último parto—, e atopada a un presunto militante do PCE(R) detido en Pontevedra. Gaciño repetía unha e outra vez que as únicas relacións co PCE(R) eran as mantidas con Sánchez-Casas, o home da súa cuñada, e preso na cadea de Sevilla dendes do vran pasado: que só a el axudara, coma cuñado, non coma PCE(R), e que outras relacións, con finalidade xeralmente informativa, somentes as mantivera por teléfono.

O xefe superior de policía, Ballesteros, decía a quen o visitaba que Gaciño se mantiña sereo, pola súa alta formación. Tamén, poida —aunque eso Ballesteros non o dixo—, porque tiña a conciencia limpa de calquera sospeita, directa ou indirecta, de terrorismo. Gaciño poido ler prensa o luns —e enterarse de que o director do seu periódico e a Xunta da súa Asociación da Prensa xa empezaran a moverse—, pro non os do martes, onde xa se desbordaba a solidariedade, que

só poido follear despois de ter firmada a súa declaración, o día 15 de febreiro pola tarde. Gaciño estaba sereo e era ben tratado. Na cabeceira da súa «cama», noustante, coma lembranza, alguén deixara grabadas laboriosamente unha bandeira galega e unha bandeira bermella coa fouce e o martelo, rubricadas polas siglas MCG.

Na mañá do 17 foi a euforia da liberación. Unhas mariscadoras saudaron ledas a Gaciño, á saída do Palacio de Xusticia, e Radio Coruña interrompía o seu programa «Ritmo 2000» pra da-la primicia informativa de que víran a Gaciño coller un taxi na praza de Ourense. Logo, pola radio, o redactor político de «El Ideal Gallego» explicaría as preocupacións dalgúns policías por saber se o Partido Comunista podía ser democrático, ignorando se poidera convencelos.

«De todo esto, o único positivo é ter podido comprobar que é moita a xente, de todo tipo, que ten confianza en min. Esa foi a meirande satisfacción de toda a miña vida profesional e a proba de que toda a miña traxectoria valéu a pena», declarou José A. Gaciño a TEIMA, entre a tranquila euforia da liberdade recobrada e a amara lembranza duns días de soidade só aparente.

Morrer polas Encrobas

Emilio Suárez Valdés, 18 anos, decidiu cos outros compañeiros da Universidade Laboral da Coruña, despois de estar pechados toda a noite na capela, poñer unha pancarta co texto «Solidaridade cos labregos das Encrobas» no tellado dun dos pabellóns daquel centro de ensino, situado no Burgo, a uns 8 km. da cidade. Eran as 8,30 da mañá, cando os profesores escomezaban a chegar e os alumnos se preparaban pra entrar nas clases. Xa enriba, Emilio tropezo cun dos cables que pasan a sóo medio metro do tellado. O grupo de compañeiros que subiu con el poido salvarse, pro Emilio deixou xa alí de respirar.

O rapaz morto estudiaba na Laboral F.P.-2. Non era galego, coma moitos outros estudantes neste centro, pro participara estes días en todas as accións de apoio ós labregos das Encrobas. Era membro da coordinadora de estudantes da Laboral. «Baixárono ríxido —contaba a TEIMA un compañeiro— e levárono nun coche particular á Residencia». Según informaron en «Juan Canalejo», Emilio presentaba queimaduras nas muñecas e na planta dos pés.

O ambiente na Universidade Laboral o venres, día 18, era indescriptíbel, coma fora o do día 15 nas Encrobas. Os compañeiros de Emilio tiñan as facianas cheas de bágoas e de cando en cando escoitábanse berros e alcumes contra a empresa «FENOSA», que coa súa intransixencia cara ás reivindicacións duns labregos foi orixe desta traxedia. A pancarta que ía colocar Emilio está agora posta á entrada da Laboral. O seu carón unha bandeira galega e outra roxa, ámbalas dúas con crespóns negros. Os propios labregos liberados esa mañá foron os primeiros en achegarse á Universidade pra mostra-lo seu pesar. Alí poideron comprobar que a súa loita é xa a loita do pobo galego.

GALICIA FOI UN BERRO

Cando escomezou a correrse a voz do ocorrido nas Encrobas, Galicia reaccionou cun soio berro. E practicamente imposible recoller toda-

O NOSO PAÍS

las mostras de solidariedade cun pobo que defendeu o seu e a repulsa contra a violencia utilizada pola Guardia Civil, contra a intransixencia culpábel da empresa «Lignitos de Meirama»-FENOSA, contra a postura dunha administración que apoia os intereses privados, inda a costa de deixar sen medio de vida ós labregos. Comunicados de grupos políticos, das agrupacións culturais, das asociacións de veciños, de traballadores e labregos de toda Galicia; peches; pintadas; octavillas; manifestacións masivas, que foron disoltas e remataron con detencións; peches en centros do ensino... No intre de redactarse esta información, anúncianse novas manifestacións pra esixir que a ocupación do día 21 non se leve a cabo e pra protestar por todo o sucedido até agora.

Os detidos o martes 15, logo postos en liberdade por decisión xudicial, pasaron nos calabozos da Guardia Civil un día sen comer nada e durmindo oito persoas en dúas colchonetas e cubríndose cunha manta. Tres persoas, Ricardo Mosquera, Manuel Rodríguez e o cura de Sésamo, Ramón Valcárcel, pasaron á xurisdicción militar.

Comisións Labregas (xerme de sindicato integrado na Asamblea Nacional Popular Galega) e a Asociación Agraria Galega foron as primeiras organizacións que condearon os feitos. Algúns labregos, como decían estes organismos nos seus comunicados, son membros das CC.LL. e A.G.A.

As mostras de solidariedade continúan... Con Encrobas, Galicia falou ben claro.

Desperta, Cospindo



«Desperta Cospindo, non sigas durmindo», diñ os veciños daquela localidade. Cospindo é, esactamente, o lugar preciso onde se quere instalar —contra da oposición xeral e manifesta da opinión pública— a Celulosa de Monteceso.